Num. 227

FOUCE

Decembro 2004

Periódico labrego de información técnica e sindical

Prezo: 1'80 euros

Número de rexistro: 980635

Unións Agrarias-UPA pacta co Goberno para impedir a creación dun gasóleo agrícola

■ Unións Agrarias-UPA foi a única organización sindical que aceptou as insuficientes medidas presentadas polo Goberno do PSOE ante a crise xerada pola suba do gasóleo.

■ O SLG apoiou a manifestación en Madrid organizada por COAG para demandar un gasóleo agrícola profesional sen o lastre dos impostos que gravan hoxe aos carburantes. **Páx. 13**



SLG e CPE propician a primeira folga láctea europea se o sector non acada prezos dignos

O terceiro Seminario Europeo do Leite, organizado polo SLG e a Coordinadora Labrega Europea, e celebrado en Compostela, serviu para que organizacións de toda Europa, Estados Unidos e India acordasen traballar para buscar o consenso necesario que posibilite a primeira folga de entregas de leite a escala europea. Esta protesta acontecerá no 2005 se Administración e industrias non aceptan un prezo digno para o leite que remunere os custes de produción e o traballo agrario. **Páxs. 8 a 11**

Labregas do SLG xúntanse para falar de igualdade e riscos laborais

Medio cento de afiliadas do Sindicato Labrego de toda Galiza asistiron, entre o 19 e o 21 de novembro, ás Xornadas de Formación da Secretaría da Muller celebradas en Allariz. O evento comezou centrado, o primeiro día, no tema dos riscos laborais específicos das labregas, deixando para o seguinte o debate sobre a nova Lei de Igualdade e o coñecemento sobre o terreo da política para o medio rural do Concello alaricano. **Páxs. 2 a 4**

A horta galega ante a trazabilidade que entrará en vigor o 1 de xaneiro

A trazabilidade é o seguimento que se lle realiza a un produto en toda a cadea alimentaria, dende a súa orixe ata que chega á cesta da compra. Dende o 1 de xaneiro de 2004 será obrigatorio ter implantado un sistema en todas as empresas alimentarias que permita seguir a trazabilidade do produto, excepto para quen faga venda directa. No presente Fouce, analízase como repercutirá no sector da horta en Galiza. **Páx. 7**



TÁBOA

■ **Galiza**

O SLG reúnese coa Xunta para tentar que as ICM non baixen

Membros do Sindicato Labrego Galego mantiveron unha xuntanza na Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para falar sobre a redución nas contías das indemnizacións compensatorias de montaña e zonas desfavorecidas (ICM). Ambas partes coincidiron na necesidade de incrementalas. **Páx. 6**

■ **Aldea Global**

Un novo masacre contra os Sem Terra cóbrase cinco vítimas

O estado brasileiro de Minas Gerais foi o escenario dun novo masacre que tivo como vítimas a cinco labregos do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST) executadas por 18 pistoleiros dun *fazendeiro*. **Páx. 12**

■ **Agroecoloxía**

A DTA amplia a guerra contra a contaminación indesexada

Se hai uns meses se iniciou unha campaña para impedir que se sigan contaminando explotacións e terras polos herbicidas que se utilizan para eliminar a maleza das cunetas, agora a batalla amplíase á choiva aceda e á auga tratada con produtos químicos para extinguir incendios.**Páx. 14**

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

Rúa Touro nº 21, 2º, Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: foucesIg@terra.es

Publicación subvencionada por:

DEPUTACION DA CORUÑA

FOUCE

Edita:
Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646
Coordinación:
Xosé García
Colaboracións: *Isabel Vilalba, Antón Sánchez, Silvia González, Antonio Villarino, e Lidia Senra.*
Deseño e maquetación:
Xosé García
Sede da redacción:
Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
Depósito Legal: C-749/88

SINDICATO LABREGO GALEGO
COMISIÓNS LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERRAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA- Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
R/ Darío Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.
Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 711825
VIANA DO BOLO
Antigo centro de saúde.

As mulleres do SLG esixen a cotitularidade nas explotacións

As Xornadas de Formación da Secretaría da Muller congregaron a medio cento de labregas en Allariz

Medio cento de afiliadas do Sindicato Labrego Galego de toda Galiza asistiron, entre o 19 e o 21 de novembro, ás Xornadas de Formación da Secretaría da Muller celebradas en Allariz. O evento comezou centrado, o primeiro día, no tema dos riscos laborais específicos da mulleres labregas, deixando para o seguinte o debate sobre a nova Lei de Igualdade e o coñecemento sobre o terreo da política para o medio rural do Concello alaricano.



Os debates caracterizáronse pola participación activa das asistentes en calquera dos temas

Coa proxección do documental "Corpo de neno" iniciáronse as xornadas ocupándose do tema dos riscos laborais das labregas. Con este video, e o posterior debate, evidenciouse que as labregas galegas non están a empregar ningún tipo de protección cando utilizan pesticidas, fungicidas ou herbicidas no seu traballo, porque non ven efectos negativos inmediatos.

Nembargantes, estes produtos teñen compoñentes químicas acumulativas que acaban provocando cancros, tumores, ou graves doenzas e malformacións nos nenos cando afectan a agricultoras embarazadas (defectos cerebrais e no tubo neuronal, anomalías cromosomáticas, etcétera).

Para a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego, isto é unha consecuencia da falta de valorización que sofren as agricultoras, pois a miúdo non son consideradas como traballadoras e, polo tanto, non se contemplan os seus riscos laborais específicos e a Administración non fai nada por dalos a coñecer e prevelos.

Por iso, un dos acordos destas xornadas foi que dende a Secretaría da Muller do SLG se siga insistindo diante da Administración sobre a necesidade de realizar campañas informativas e de prevención para atallar esta problemática; así como promover xeitos de agricultura onde prime a calidade diante da cantidade, sen empregar técnicas que supoñan riscos para a saúde das persoas.

Outra das frontes de denuncia das que se falou o venres foi a relacionada coa enorme sobrecarga de traballo que sofren as mulleres labregas, que en moitas ocasións, a parte das tarefas na explotación, teñen que asumir en solitario os labores do fogar, o coidado de persoas maiores, de nenos e nenas, etcétera, sen ningún tipo de apoio por parte da Administración como garderías, centros de día para anciáns e anciás, ou calquera outro tipo de axuda asistencial.

Distintivo para as explotacións nas que muller e home traballen en pé de igualdade

Xa o sábado, as xornadas centráronse na recentemente publicada Lei de Igualdade, que se analizou salientando, sobre todo, o que afecta directamente ás mulleres labregas. Aínda que a lei se valorou de xeito positivo, un dos puntos sobre o que se chamou a atención foi que non se materializasen aínda os medios nin orzamentos necesarios para que apartados do texto como a loita contra a violencia doméstica se solucionen de xeito eficaz e definitivo.

Aproveitando que a lei contempla a dotación de distintivos de calidade a aquelas empresas que destaquen polas súas políticas de igualdade, o SLG vai reivindicar a necesidade de que ese apartado se aplique tamén ás explotacións agrarias, pois precisamente neste ámbito prodúcese un grave problema de discriminación á hora da titularidade, normalmente a mans do varón.

Emporiso, a Secretaría da Muller do SLG vai propor que aquelas explotacións agropecuarias nas que traballen o home e a muller en pé de igualdade, sendo ambos titulares, poidan recibir distintivos recoñecendo esta situación que lles sirvan para obter axudas directas específicas e para ter prioridade nas convocatorias doutras subvencións.



Ao longo da fin de semana, foron pasando polas xornadas un total de medio cento de mulleres labregas de toda Galiza

Alternativas ante a excesiva dependencia que se ten dos intermediarios

As xornadas chegaron á súa conclusión o domingo con obradoiros e debates sobre a produción e comercialización agropecuarias. As asistentes coincidiron en que é común neste eido a excesiva dependencia dos intermediarios, e a incerteza sobre os prezos a que se cotizarán os produtos e, incluso, sobre a súa venda.

As pataqueiras de Ourense foron un bo exemplo, pois nunca saben a que prezo van vender, o que lles obriga a investir en grandes produción. A saturación do mercado fai que, moitas veces, teñan que desfacerse de boa parte da colleita, sobre todo cando entran cargamentos importados de fóra a baixo prezo. Ademais, quen produce non coñece aos consumidores e consumidoras que lle mercan e depende totalmente dos intermediarios. E iso non acontece só coa pataca, senón que tamén en sectores coma o do cereal, o leite, ou a floricultura.

Na outra banda do comercio, hai moitas persoas nas cidades ás que lles gustaría acceder a produtos sans e de calidade pero que non poden porque só teñen a man supermercados e grandes superficies comerciais.

Fronte a isto, unha alternativa seria para dignificar o traballo das labregas pasa por potenciar xeitos de comercialización coma os mercados de cercanía e as feiras tradicionais onde poder vender unha produción de calidade tratando directamente coa clientela e obtendo un prezo digno sen que quede con boa parte dos beneficios un intermediario que pouco ou nada ten que ver coa terra.

Dende este punto de vista, acordouse realizar campañas informativas sobre os lugares onde aínda se pode practicar este modo de comercialización directa, incidir sobre as administracións locais para obter o seu apoio, e informar sobre as diferenzas entre produtos de orixe industrial e intensiva e os cultivados de xeito tradicional e respectuoso co medio ambiente e a saúde.

Sete mulleres do SLG opinan sobre as xornadas, os riscos laborais e a situación social das labregas

Abraio polo perigo dalgúns fitosanitarios e reivindicación dunha maior igualdade

Medio cento de mulleres pasaron, entre o venres e o domingo, polas Xornadas de Formación da Secretaría da Muller do SLG. Sete delas, de distintos sectores produtivos e diversas zonas de Galiza, compartiron con Fouce algunhas das impresións que sacaron deste encontro e opinaron sobre algúns dos temas de debate, coma os riscos laborais no mundo agrario ou a situación social e laboral da muller no mundo rural.

En declaracións da responsábel da Secretaría da Muller do SLG, Isabel Vilalba, estas xornadas "tiveron un resultado moi positivo do que destacaría a convivencia e intercambio de experiencias entre labregas de toda Galiza".

A continuación, podemos escoitar a voz dalgunhas das asistentes para coñecer os matices desa convivencia e intercambio de experiencias. A pesares das diversas procedencias e sectores profesionais, houbo moitos puntos en común como unha valoración positiva destes encontros como foro de convivencia e intercambio de experiencia e ideas, a falta de conciencia que existe en Galiza ante os riscos para a saúde de moitos fitosanitarios, ou o longo camiño que queda por andar en materia de igualdade de xénero.

Carme Veiga Vázquez
Floricultora, Vilamaior



Carme confesouse "abraiada" ante os riscos laborais porque "facemos as cousas mal por falta de información, pois nin vendedores nin técnicos nos advirten do perigo dos fitosanitarios e nos estamos envelenando"

En canto á igualdade considérase privilexiada, pois "son titular da explotación. Gustaríame que todas as labregas tivesen Seguridade Social e os seus cartos, xa que sen ese mínimo moitas viven case na escravitude".

Marina Grille Negreira
Gandeira, Val do Dubra



Marina botou de menos "que non sexamos máis mulleres as que acudimos a estas xornadas" e teno moi claro en cuestións de igualdade: " As mulleres son vítimas: traballan na explotación, miran polos nenos, miran polos vellos e, ao final, aínda poden quedar sen nada. Cando nos incorporamos de mozas a unha explotación non sabemos todo o que nos vai vir despois: a terra, os maiores, a rapazada, a casa..."

Herminia Salgado
Gandeira, Vilar de Barrio



Herminia chamou a atención sobre o moito que queda por facer na Lei de Igualdade. Neste senso, explicou que "se un matrimonio de labregos cunha explotación na que traballan ambos, pero que só está a nome do home, se separa, a muller queda sen nada. As explotacións deberían estar a nome dos dous cónxuxes, pois se os dous traballan ambos teñen dereito a beneficiarse, e non só un".

Lidia Otero
Gandeira, Dumbría



Para Lidia, "as xornadas foron moi construtivas, destacando "as informacións tan útiles ás que tivemos acceso, pois abrenche os ollos". Tamén recoñeceu que "aínda temos moito que avanzar para que se dean condicións de igualdade coas mulleres no agro" e respecto da Lei de Igualdade afirmou que "ten aínda moito por mellorar e, en canto ao que xa acadamos, cómpre facelo realidade e aplicalo ben".

Lucía Suárez Rendo
Gandeira, Touro



Lucía destacou das xornadas o "poder compartir de todo, dende sementes a ideas", e admitiu que lle serviron "para comprobar a pouca conciencia que temos dos riscos que entrañan os produtos que manexamos".

En canto á Lei de Igualdade "alegroume moito que se lexislase para recoñecer dereitos ás labregas, pero aínda queda moito por facer, pois seguimos sen igualdade, nin discriminación positiva, nin paridade".

Amelia Gómez Mera
Horticultora, Vedra



Como rexente dunha explotación de horta, Amelia incidiu nos riscos laborais, pois os fitosanitarios "estamos obrigadas a utilizalos, xa que se non sulfatamos non recollemos". Amelia denuncia que "os riscos deberían ser informados polos fabricantes, e algúns produtos moi danosos para a saúde seren prohibidos". En temas de igualdade, ironizou dicindo que "aínda hai moito machista e nós somos demasiado mainas".

Mercedes Picane
Horticultora, Vedra



Mercedes quedou "alucinada" coas políticas para o medio rural que se fan en Allariz. Esta labrega de Vedra non dubida á hora de criticar unha sociedade na que "a muller labrega é unha vítima". Explica que, tradicionalmente, "fomos educadas polas nosas nais para facer de todo. A muller labrega chega do campo coa alma entregada ao ceo, e no fogar ten que seguir a traballar. Por sorte, os tempos cambian".

nº 227
Decembro de 2004
FOUCE

Isabel Vilalba Seivane, responsábel da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego

"A nosa desprotección laboral nace pola desvalorización do traballo das labregas"

Aproveitando o encontro de mulleres labregas en Allariz, mantivemos unha conversa con Isabel Vilalba, a responsábel da Secretaría da Muller do Sindicato Labrego. Foi unha boa oportunidade para afondar da súa man nos diversos xeitos con que se manifesta a desigualdade entre labregos e labregas: a falta de recoñecemento de enfermidades profesionais, a carencia total de medios que erradiquen ou minimicen a violencia de xénero, ou a desinformación dos efectos dos fitosanitarios no organismo feminino, foron algunhas das cuestións abordadas.

■ ¿Que valoración faría das xornadas de formación celebradas en Allariz?

A valoración é moi positiva, pois as mulleres que participaron fixérono de maneira moi activa. Expresaron moitas veces os seus puntos de vista, enriqueceron o debate, fixeron propostas, e participaron con igual entusiasmo nos talleres e nas exposicións. E todo no seo dun marco de convivencia agradable entre todas nós nun entorno moi favorable, nun municipio rural onde o Concello apostou en serio por facer proxectos de desenvolvemento rural.

■ Un dos temas dos que se falou nestas xornadas foi o dos riscos laborais das labregas. ¿Como se atopa Galiza neste eido?

Detrás do tema dos riscos laborais hai algo fundamental, e é que o traballo da muller labrega non se valora. Se partimos da premisa de que non se ten á agricultora como unha traballadora que pode ter riscos, a consecuencia é evidente: non se contemplan políticas de prevención neste sentido. Nas xornadas avaliamos varios riscos que padecen as mulleres labregas: sobrecarga de traballo, o cal está directamente relacionado coa carencia de recursos e infraestruturas no medio rural; falta de adaptación da maquinaria de uso habitual ás mulleres; ou o emprego de pesticidas e fitosanitarios.



Isabel Vilalba, como responsábel da Secretaría de Muller, organizou as xornadas de Allariz

Neste último eido, as probas nunca se fan con mulleres. Que un produto non sexa tóxico ou nocivo para un home, non quere dicir que non o sexa para unha muller, xa que os organismos e sistemas hormonais son distintos; un home nunca vai ter unha xestación, pero a muller si.

Neste terreo sufrimos unha desprotección e falta de prevención totais que parten, precisamente, de que non se valora como debera o traballo das labregas.

"As explotacións nas que exista cotitularidade deberían ser recompensadas"

■ ¿Que conclusións se sacaron nas xornadas con respecto á recentemente publicada Lei de Igualdade?

En xeral, parécenos que o feito de que haxa unha Lei de Igualdade é positivo, e hai ámbitos que toca esa lei que nos parecen fundamentais. Nembargantes, non se concretan medidas, nin proxectos, nin prazos, nin dotacións, polo que corremos o perigo de que esta lei quede só no papel.

Temos un bo exemplo disto no tema da prevención dos malos tratos, con só seis casas de acollida en toda Galiza fronte a un número de demandas moito maior. Dende o SLG imos propoñer medidas concretas e prazos, pois só desenvolvendo a lei farase realmente positiva.

■ ¿Que lle parece o tratamento que esta lei fai das labregas?

Con respecto ás labregas hai un apartado moi importante no que se recoñece a necesidade de traballar a prol da cotitularidade, ou favorecer a participación das mulleres do rural. Neste senso, a lei recolleu propostas nosas que nos parecen fundamentais.

Incluso no aspecto da cotitularidade dise que a Administración favorecerá, a través de axudas directas ou con contratos, a aquelas empresas que leven a cabo planos de igualdade. Nós entendemos que iso acontece nas explotacións labregas nas que son titulares os dous cónxuxes, polo que deberían ser recompensadas con axudas directas, ou con outros incentivos como cotas e dereitos.

"Existe un gran baleiro no recoñecemento das enfermidades laborais das labregas"

■ ¿En que sectores teñen máis riscos laborais as labregas?

Gran parte da nosa análise centrámola na aplicación de pesticidas e fitosanitarios. Trátase de substancias que entran nas explotacións de xeito masivo e sen información. Constatamos isto en mulleres de diversos sectores e de procedencia moi diversa. Pataca, horta, leite, etcétera.

Existe unha desinformación moi grande que dá unha perigosa confianza á hora de traballar con estas substancias de maneira rutinaria sen ningún tipo de protección. A este feito poderíaselle asociar o aumento de enfermidades moi graves que se está a experimentar no medio rural, como cancro en persoas novas.

■ Daquela, ¿cales son as reivindicacións da Secretaría da Muller en materia de riscos laborais?

Que no deseño das políticas agrarias se primen aspectos como seguridade, tanto das persoas que traballamos na agricultura, como no consumo. Que se nos teña en conta como traballadoras e que se avalíen os riscos reais que do noso traballo. Que nas probas dos pesticidas se teñan en conta as particularidades do sistema hormonal feminino e a posibilidade de que sexan utilizados por mulleres embarazadas, que haxa campañas de información, que se estudien outros modelos agrícolas con alternativos que non pasen por un emprego tan xeneralizado de fitosanitarios como se fai hoxe en día.

■ ¿Están recoñecidas enfermidades específicas das labregas?

Existe un baleiro moi grande no recoñecemento das enfermidades profesionais das labregas. A táboa das enfermidades profesionais en calquera sector é de finais dos setenta, e a agricultura de hoxe en día non ten nada que ver coa que se facía hai trinta anos.

Nestas táboas tampouco aparece un recoñecemento claro do que son as enfermidades das labregas. O sistema é tan inmobilista que, se non aparece nese cadro, xa non é considerada enfermidade profesional. Entón, nin hai política de prevención, nin hai recoñecemento profesional, nin hai unha cobertura axeitada con baixas ou prestacións cando unha persoa enferma.

editorial

Toda Europa contra a estafa das politicas leiteiras

O Seminario Europeo sobre o sector lácteo puxo de manifesto que os prezos que percibimos por quilo de leite son os mesmos de hai vinte anos, e que non son suficientes para remunerar adecuadamente o traballo que temos que desenvolver nosas nas explotacións leiteiras.

Neste ano 2004, empezáronse a aplicar as primas leiteiras, que son as axudas acordadas na reforma da política leiteira europea para compensar, parcialmente, a caída dos prezos -tamén aprobada na reforma-. Sabemos que, no mellor dos casos, esta prima pode chegar a cubrir o 45% do que vai baixar o prezo. Isto vai supoñer, case sempre, o prezo do leite vai estar incluso por debaixo dos custes de produción, o que vai supoñer unha forte aceleración no proceso de desaparición de explotacións leiteiras.

Este seminario tamén serviu para ver, claramente, como a baixada dos prezos só serve para que as industrias gañen máis, pois estamos vendo como os prezos baixan para nós, produtores e produtoras de leite, até situarse nos valores de hai vinte anos e, sen embargo, aumentado constantemente para a cidadanía. Estamos ante unha política de prezos que, para fornecer de materia prima barata ás grandes industrias agroalimentarias e ás cadeas de distribución, obriga aos cidadáns e cidadás a pagar dobremente. Obríganos aos labregos e labregas a pagar mediante a caída de prezos -polo que pagamos o que perdemos de ingresar polo noso traballo-; e obrigan aos consumidores e consumidoras a pagar o leite cada ano máis caro. Por riba, todos e todas pagamos impostos para soster esa prima. Estamos ante unha decisión dos poderes públicos coa que, baixo escusa de manter o medio, se agacha o traspaso de cada vez máis diñeiro público aos grandes negocios agro-químico-farmacéuticos e ás cadeas de distribución.

As organizacións labregas somos cada vez máis conscientes desta grande estafa e, por iso, pensamos que a cuestión de establecer uns prezos que cubran os custes e o traballo de produción deben volver a situarse no centro das políticas agrarias.

"Temos ante nós un gran reto. Todos e todas debemos contribuír iniciando dende xa un proceso de reflexión que nos permita levar adiante, por primeira vez na historia, a folga europea do leite, sendo conscientes de que significará dar un gran paso adiante na loita por manter os nosos postos de traballo nun medio rural vivo".

A loita por un prezo que nos permita ter unha vida digna é hoxe unha cuestión vital para todos os labregos e labregas de Europa. Por iso, pensamos que é necesaria e urxente unha resposta forte e contundente. Esa é a razón pola que neste seminario, en caso de que non haxa un cambio positivo sobre o prezo, lánzamos o debate sobre a convocatoria para o ano 2005 dunha folga de entregas de leite en toda Europa. Dende as páxinas de Fouce facemos un chamamento de todos os labregos e labregas á unidade de acción e coordinación para levar adiante esta acción en caso de facerse necesaria.

No Sindicato Labrego Galego temos o convencemento de que, no intre en que as empresas se atopen cunha situación na que non poidan mercar leite en ningún país e, polo tanto, non poidan transformar e vender; nunha situación na que os gobernos albisquen que pode haber problemas serios de desabastecemento, será entón cando logremos que nos tomen en serio e se senten a negociar un prezo que cubra realmente os custes e o traballo de produción.

Temos ante nós un gran reto. Todos e todas debemos contribuír iniciando dende xa un proceso de reflexión que nos permita levar adiante, por primeira vez na historia, a folga europea do leite, sendo conscientes de que significará dar un gran paso adiante na loita por manter os nosos postos de traballo nun medio rural vivo.

Necesitamos algo máis ca palabras para erradicar a violencia de xénero

por Isabel Vilalba

Neste 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, a Secretaría da Muller do Sindicato Labrego Galego quere denunciar a insuficiencia e ineficacia dos programas oficiais de loita contra este tipo de eiva social. Durante este ano 2004 foron asasinadas en Galiza cinco mulleres e presentáronse 2.275 denuncias por mor dos malos tratos. Os estudios conclúen que só se denuncian o 10% dos casos existentes, polo que estariamos ante problema de extraordinarias dimensións e dunha gravidade tremenda.

Os datos recollidos no Boletín Semestral sobre violencia contra a Muller nº1, que edita o Centro Raíña Sofía, amosan un incremento dun 60% dos casos de malos tratos nos últimos cinco anos. No caso do medio rural, a situación é verdadeiramente alarmante: o 40% das mulleres que morren no Estado Español a mans da súa parella ou ex parella viven en concellos con menos de 10.000 habitantes.

A denuncia da violencia de xénero por parte das víctimas é sempre moi difícil, pero esta dificultade aumenta aínda máis no medio rural polo peso dunha forte tradición na que o discriminación e sometemento das mulleres foi de sempre algo habitual, porque no medio rural todo o mundo se coñece, pola falta de infraestructuras de apoio, pola falta de oportunidades laborais para as mulleres...

En primeiro lugar, os medios de apoio para as mulleres do rural que viven estas difíciles situacións son realmente escasos e os que hai son practicamente descoñecidos para a maioría dos cidadáns e cidadás. Por outra parte, é mesmo frecuente que os facultativos e facultativas da medi-cina descoñezan os protocolos de actuación ante este tipo de casos, co que moitas veces as mulleres agredidas ven indefensos os seus intereses por mor de expedientes mal realizados. O mesmo acontece coas forzas de seguridade (en Galiza só o 6% das forzas de seguridade teñen recibido formación neste ámbito e, no mellor dos casos, cursos de 12 ou 20 horas) e cos servizos de apoio en xeral, que en ocasións non dispoñen da preparación suficiente para atender situacións desta complexidade.

No caso das mulleres labregas, cando traballan nunha explotación agraria da que é titular o cónxuxe, non hai un recoñecemento claro por parte da Administración da súa participación paritaria nos bens da explotación, pertenzas básicas como dereitos de nutrices ou cotas lácteas. Así a situación, sen unha saída económica clara para elas e para os seus fillos e fillas, hai moitas mulleres que están a soportar condicións realmente penosas.

As vías que achega a Administración non se adecúan ás necesidades. Por exemplo, ás mulleres que deciden saír das súas casas ofrécenlles unha estadía temporal de 3 ou 6 meses ou outros períodos realmente mínimos, as casas de acollida son insuficientes e hai unha gran desidia pola súa xestión que fai que nalgúns casos ata se lle adxudiquen a empresas de limpeza, como o caso de Santiago.

En toda Galiza hai tan só tres pisos tutelados con 25 prazas totais; no ano pasado só conseguiron inserir laboralmente a quince mulleres en toda Galiza; as axudas económicas non son garante ningún para que unha muller soa ou con cargas familiares inicie un proxecto novo de vida. Calquera outra contía que non chegue cando menos ó soldo mínimo interprofesional non deixa de constituír un modo de desentenderse dos problemas das mulleres e formular políticas ineficaces, que só funcionan sobre o papel.

nº 227
Decembro de 2004 FOUCE

Política Agroalimentaria comparte co Sindicato Labrego manter as ICM

Representantes da organización sindical mantiveron un encontro en Produción e Sanidade Agropecuaria

O SLG iniciou un proceso de presión para que Política Agroalimentaria dea marcha atrás no recorte das Indemnizacións Compensatorias de Montaña e Zonas Desfavorecidas (ICM). A primeira das accións emprendidas foi abrir vías de diálogo cun encontro na Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria. A Consellería coincidiu na necesidade de incrementar estas axudas para que recuperen os niveis doutros anos.

O Sindicato Labrego Galego, representado polo seu responsábel de Acción Sindical Gandeira, Xabier Gómez Santiso, e por Xosé Álvarez Lombardero, vocal da Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega e membro da Executiva do SLG, mantivo recentemente un encontro co director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, Miguel Fernández Rodríguez, para tratar a redución na contía das Indemnizacións Compensatorias de Montaña e Zonas Desfavorecidas (ICM).

Tralo encontro, o Sindicato Labrego valorou positivamente que a Consellería de Política Agroalimentaria comparta a necesidade de que este tipo de axudas se manteñan na súa totalidade. Neste senso, cómpre lembrar que Política Agroalimentaria puxo este ano un límite máximo de 950 euros por axuda, cando a lexislación permite que as ICM poidan chegar ata 2.000 euros, dependendo do número de hectáreas e das cabezas de gando. As explotacións que levarán o 100% da axuda serán as máis pequenas.





Gómez Santiso (arriba) e Álvarez Lombardero representaron pediron máis para as explotacións en zonas desfavorecidas

Política Agroalimentaria argumentou como motivo principal para executar esta drástica mingua que o financiamento do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) non era suficiente para pagar o 100% das ICM, o cal xa sucedeu en anos pasados. Ata o de agora, lográronse acadar os fondos suficientes para acabar cubrindo todos os pagos e, na entrevista mantida, Miguel Fernández afirmou que este ano estase a traballar no mesmo camiño, polo que aínda pode existir esperanza de que se pague o que falta se a Xunta consegue recuperar máis diñeiro do FEOGA.

O Sindicato Labrego, nun comunicado de prensa, apreciou con cautela as intencións da Consellería, pois "as esperanzas non se poden entender como compromiso, e as solucións presentadas por Miguel Fernández dependen de factores alleos a Política Agroalimentaria".

De todos xeitos, os representantes do SLG e o director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria coincidiron en que estas subvencións deben ser prioritarias, pois favorecen ás zonas rurais máis deprimidas de Galiza, inflúen positivamente nas explotacións de tipo extensivo, están vinculadas directamente á actividade agraria, e compensan as diferencias que existen entre os escasos ingresos do labor agropecuario e os altos custes de produción derivados do mesmo.

As provincias de Lugo e Ourense están á cabeza no número de aldeas abandonadas

As cifras seguen confirmando os devastadores efectos que a Política Agraria Común (PAC), en connivencia cos gobenos da Xunta e do Estado, está tendo sobre o medio rural galego.

Así, un estudio do Instituto Nacional de Estatística (INE) amosa que Galiza xa conta co triste récord de ter 261 aldeas pantasma, sen habitantes que vivan nelas. Ourense e Lugo son as dúas provincias do Estado Español nas que hai maior número de núcleos deshabitados. No primeiro caso, a cifra é de 129; e na provincia lucense, de 104.

En territorio ourensán, a metade dos lugares desertizados están concentrados nas comarcas de Trives, Caldelas e Valdeorras; na zona do Carballiño e o Ribeiro as aldeas baleiras ascenden a 47, co municipio de O Irixo aglutinando 13.

8.484 núcleos con menos de dez persoas

Outro dato preocupante é que as aldeas con menos de dez habitantes cóntanse por miles en todo o país. 8.484 lugares repartidos do seguinte xeito: 4.095 en Lugo, 2.765 na Coruña, 820 en Ourense, e 804 en Pontevedra. En todos estes puntos tan escasamente poboados, e cos habitantes cunha media de idade moi alta, o risco de quedarse, en breve, sen poboación é grande.

O SLG pide unha solución global e definitiva aos danos da fauna salvaxe

A Consellería de Medio Ambiente e a Federación Galega de Caza e Asociación de Propietarios Rurais e Produtores de Caza asinaron durante o mes de novembro un acordo para que os cotos queden cubertos ante os accidentes de tráfico provocados polos animais salvaxes.

Para o SLG, este convenio supón un desprezo cara aos labregos e labregas de Galiza pois, coma sempre, os danos sobre a agricultura e a gandería, que provocan millóns de euros de perdas cada ano, esquécense e déixanse de lado.

Ata o de agora, as únicas axudas existentes ao respecto, habilitadas recentemente tras numerosos procesos de mobilización social realizados polo SLG durante décadas, só contemplan os danos producidos polos lobos baixo condicións moi restritivas, como avisar do ataque nun período menor de 24 horas.

Así, as explotacións labregas do noso país están totalmente indefensas ante os ataques das rapaces sobre as aves de curral, dos corzos contra viveiros e plantacións forestais, dos xabarís contra as leiras de millo, dos cans salvaxes e outros animais contra o gando, etcétera. A única vía que lle quedan ás persoas afectadas por este tipo de danos é a xudicial, coa incerteza que isto supón.

No SLG estamos a favor da conservación das especies salvaxes e dos ecosistemas nos que viven, pero non a costa do peto dos labregos e das labregas. Ese é un custe que debe asumir o conxunto da sociedade, e quen representa á sociedade é a Administración. Polo tanto, dende o SLG reclamamos da Xunta de Galiza e, especialmente, das consellerías de Política Agroalimentaria e Medio Ambiente, que habiliten unha liña de axudas con orzamento suficiente para afrontar, dunha vez por todas, unha solución global, definitiva e permanente a esta problemática que pon en xaque a moitas explotacións agropecuarias e forestais galegas, e mesmo fai inviábel este tipo de actividades en moitas zonas pola persistencia dos ataques.

Acordos coma o asinado o 16 de novembro entre Medio Ambiente e os cazadores serve pouco máis que para saír na foto, pero non achega ningunha medida que faga pensar en que este problema se vai solucionar.

O sector hortícola galego enfróntase á trazabilidade a partir do 1 de xaneiro

O SLG pediu unha reunión urxente con Política Agroalimentaria e Sanidade para afrontar as novas normas

Ultimamente moito se escoita falar de trazabilidade, un concepto que ten que ver co seguimento que se lle realiza a un produto en toda a cadea alimentaria, dende a súa orixe ata que chega á cesta da compra. Dende o 1 de xaneiro de 2004 será obrigatorio ter implantado un sistema en todas as empresas alimentarias que permita seguir a trazabilidade do produto, excepto para quen faga venda directa. No presente texto de Fouce, a técnica agrícola do SLG, Silvia González, analiza polo miúdo como repercutirá esta medida no sector da horta en Galiza.

A trazabilidade para os productores e produtoras de alimentos de orixe vexetal supón:

■ **Trazabilidade cara a atrás:** recoller datos de todas as substancias que se incorporaron ao alimento, considerando este último como o produto unha vez recollido. Isto quere dicir que se lle botamos algunha substancia despois de recollelo, teremos que gardar os datos de que é o que mercamos, a quen, onde e cando. Abondaría con conservar a factura se contén estes datos.

■ **Trazabilidade cara a adiante:** supón rexistrar a quen lle vendemos, cando, etcétera. Tamén vale a factura se recolle os datos necesarios. Para vender o produto, este deber ir agrupado en lotes (conxunto de unidades de venda dun mesmo articulo producidos ou envasados en idénticas circunstancias).



As explotacións de horta galegas terán que facer un esforzo para adaptarse ás normativas de trazabilidade e hixiene

O lote, segundo a normativa que xa estaba en vigor, deber ir etiquetado e envasado de acordo a unhas normas, excepto cando o vendamos a centrais onde etiqueten e envasen, como cooperativas, etcétera. O envase non debe permitir que se modifique o seu contido, e na etiqueta deben figurar os datos da productora, enderezo, denominación de venda do produto, cantidade e categoría comercial.

A normativa de hixiene aplicarase a partir de 2006

No ano 2006, entrará en vigor o paquete de hixiene. Isto obrigará a seguir unhas normas básicas de hixiene na explotación -as dos códigos de boas prácticas-, así como a gardar rexistros sobre os produtos que lle botemos, e facer análises que aínda están sen concretar.

As explotacións que venden directamente ou en pequenas cantidades a establecementos de pormenor, estarán exentas de aplicar a normativa de hixiene. Esta normativa di que nos locais onde se manipulan os productos hai que seguir un sistema de análises de puntos críticos (APPCC).

Neste novo regulamento hai unha novidade: define "operación asociada á produión primaria" como aquela que acontece no lugar de produción e onde o producto non sufre transformación na súa natureza esencial.

O envasado dos productos de horta na explotación entra na definición de operación asociada á producción primaria, algo que xa ten defendido o SLG. Para estes casos, o novo regulamento exime de ter un local de envasado como viña sendo necesario ata o de agora. Nembargantes, no caso español dáse unha circunstancia paradoxal: mentres en España non se tomen as disposicións de acordo co novo regulamento de hixiene europeo, seguirá en vigor a normativa obriga a ter rexistro sanitario; é dicir, que hoxe poderían esixir ter un local si se tomasen as correspondentes disposicións, cousa que non cumpriría a partir do 1 de xaneiro de 2006.

A pasividade da Xunta crea incerteza na horta galega

Ante a inminente entrada en vigor do sistema da trazabilidade, hai provedores que están a esixir o cumprimento estrito da normativa en canto comece o novo ano: rexistro sanitario, o que implica ter os correspondentes locais cos seus APPCC; e a trazabilidade.

Acontece que o meirande dos produtores e produtoras non están aínda preparados para acometer estes cambios de aquí a un mes. En moitos casos, nin sequera oíron falar do concepto de trazabilidade.

Para o SLG hai un responsábel directo desta situación de incerteza: as consellerías de Política Agroalimentaria e Sanidade. A acusación non é gratuíta, pois o regulamento específica que as administracións -no noso caso, a Xunta- teñen a obriga de axudar á implantación dos sistemas de tra-zabilidade mediante campañas informativas, elaboración de guías de aplicación por sectores, e coordinación dos distintos axentes implicados. Tamén será responsabilidade da Xunta, a partir do 1 de xaneiro, a vixilancia do cumprimento desta lexislación.

A pesar destas obrigas, cando estamos a menos dun mes de ter funcionando os sistemas de trazabilidade, a Consellería de Política Agroalimentaria non realizou ningunha acción relacionada con este tema para o sector de horta e, o que é máis grave, non está informando e nin sequera sabe cales son as súas competencias no asunto.

Quen si que o teñen claro son as grandes superficies comerciais e os mercados centrais, que van esixir, de xeito inmediato, o cumprimento da lexislación. Por exemplo, Gadis vén de avisar aos produtores de horta que o abastecen que, dentro de dous meses, deberán ter un número de rexistro sanitario se queren vender no seu centro de distribución.

Isto está a causar moita confusión e alporizamento entre os produtores e produtoras que abastecen a estas distribuidoras, xa que hai moitos que pensan que nun mes non estarán en condicións de poderlle dar saída ás súas mercadorías. Entre as explotacións hortícolas afectadas inclúense moitas que moven un grande volume de vendas con grandes investimentos na produción e no persoal, e que non poden asumir un período sen vender por pequeno que sexa, polo que están pensando en deixar de producir se non atopan unha saída.

Coa intención de solucionar esta problemática, o SLG solicitou unha reunión urxente e conxunta coas consellerías de Política Agroalimentaria e Sanidade, para esixirlles unha actitude responsábel ante esta situación. Nesta xuntanza, o SLG pedirá:

- Que se resolvan as contradicións entre o novo regulamento de hixiene e a actual normativa en vigor, en canto á necesidade de ter un local de envasado e dos correspondentes APPCC nestes locais. Tamén falará da obriga de tomar urxentemente disposicións de acordo co novo regulamento.
- Adoptar unha situación de excepcionalidade na aplicación da actual normativa do rexistro sanitario mentres non se tomen as disposicións que eliminarían este requisito.
- Xuntanza cos diferentes sectores implicados -productor e distribuidor- coa Xunta como mediadora para buscar unha saída inmediata a situación.
- Elaboración de guías orientadoras para a aplicación destes regulamentos con modelos adaptados á realidade da horta galega e contando coa participación do sector.

nº 227
Decembro de 2004
FOUCE

O sector lácteo de toda Europa irá á folga se non acada prezos dignos

O terceiro Seminario Europeo do Leite, organizado polo SLG, chegou a este acordo o 28 de novembro

Galiza converteuse, do 26 ao 28 de novembro, no centro do debate sobre o futuro do sector lácteo en Europa. Non en van, o Seminario Europeo do Leite, organizado polo SLG en Compostela, reuniu a organizacións agrarias de Portugal, Francia, Bélxica, Alemaña, Estados Unidos e India, amais de contar coa presenza da Coordinadora Labrega Europea (CPE), que aglutina a 24 membros do vello continente. Con esta asistencia, a decisión final de convocar a primeira folga do sector a escala europea se non se acadan prezos dignos no leite, promete ser histórica.



Sindicalistas de toda Europa analizaron durante tres días a realidade actual do sector lácteo

O seminario comezou cun minuto de silenzo en homenaxe aos cinco Sem Terra asasinados o pasado 20 de novembro no estado brasileiro de Minas Gerais por sicarios de *fazendeiros*. Aínda que o tema central viraba ao redor da análise do novo sistema de axudas que vai vir coa reforma da Política Agraria Común (PAC), a presenza de sindicatos dos Estados Unidos e da India deu aos debates un cariz máis global e inseriu de cotío as intervencións no contexto da Organización Mundial do Comercio (OMC).

Precisamente, a PAC que se pretende impor agora nos 25 países da Unión non é máis ca unha tentativa de adaptarse aos dictados do libre comercio deste organismo multilateral. Tamén serviu esta diversidade de puntos de vista para acadar conclusións coma que "a pesares dos quilómetros que nos afastan, das diversas culturas e das diferentes estruturas de produción, todos e todas sufrimos os mesmos problemas".

Estes problemas non son outros que a aplicación políticas leiteiras que obrigan ás agriculturas de todo o mundo a competir encarnizadamente entre elas mediante o establecemento duns prezos que non cobren nin os custes nin o traballo de produción. Datos como que as explotacións europeas están a percibir o mesmo prezo polo quilo de leite que hai vinte anos, evidencian que as políticas agrarias actuais só serven para que as industrias alimentarias merquen materia prima a moi baixo prezo para maximizar os seus beneficios. Os perdedores, ademais dos labregos, que non ven compensada esta baixada de prezos coas axudas da Administración, tamén son os consumidores, que cada vez mercan os produtos máis caros e teñen que financiar as subvencións á agricultura a través dos seus impostos.

O desligamento das axudas: acta de defunción para o medio rural europeo

Respecto ao panorama que se lle debuxa á Unión Europea coa reforma da Política Agraria Común (PAC), os principais temores tiveron un denominador común: o desligamento das axudas. As análises contaron cos puntos de vista de Cyrille Verlinden, do Mouvement d'Action Paysanne, de Bélxica (MAP); Romuald Schaber, da Unión Alemana de Produtores de Leite (BDM); Denís Hauchard, da Confédération Paysanne, de Francia; Roberto Mileli, da Confederação Nacional de Agricultura de Portugal (CNA); de Xabier Gómez Santiso, responsábel de acción sindical gandeira do SLG; e de Xosé Ramón Cendán, membro da executiva da CPE.

Todos coincidiron en amosar a súa fonda preocupación ante unha reforma que pretende, con esta medida do desligamento, desvincular as axudas á agricultura da produción, e que afectará directamente ao leite.

En palabras de Schaber, o desligamento "parécenos un horror e danos auténtico pavor". O gandeiro xermano trazou un panorama preocupante do sector no seu país, e afirmou que coa crise provocada pola caída dos prezos do leite forzada pola industria e a falla de rendibilidade da produción láctea, o desligamento vai provocar o abandono de moitas explotacións de leite, sobre todo de zonas montañosas, que poderán cobrar axudas sen producir e optar por alternativas máis atractivas como a xeración ecolóxica de gas.

Na mesma liña, Roberto Mileli afirmou que o desligamento será é unha medida fatal para o desenvolvemento rural, e anticipou que vai favorecer que as poucas explotacións que queden se intensifiquen para ser rendíbeis, xerando graves problemas ambientais amais de contribuír á desertización e ao éxodo rural ao favorecer o abandono da produción.

Cunha visión máis xeral, Denís Hauchard dixo que a vontade destes cambios é a de acelerar o proceso de reestruturación do sector leiteiro, e baseouse en estudios feitos no seu país que demostran que o desligamento provocará o abandono do 50% das explotacións leiteiras que aínda sobreviven.

Situación de non retorno

En canto ás consecuencias do desligamento para Galiza, Xabier Gómez Santiso explicou que se evolucionará dunhas axudas á produción a outras dirixidas ás persoas, quedando a actividade agraria en segundo plano. Isto provocará unha perda total da dignidade do oficio agrícola e ofrecerá a posibilidade de poder cobrar subvencións sen traballar, por unha banda; e a perda de rendibilidade progresiva da produción ante a caída constante de prezos.

As consecuencias disto serán un medio rural con moi poucas explotacións, cunha poboación cada vez máis escasa e envellecida, e coa terra abandonada a monte. Contra isto, Santiso falou dunha alternativa baseada en políticas que se dediquen a consolidar as explotacións que aínda quedan, que fixe poboación no medio rural, que manteña a superficie agraria existente e que xere condicións para que a actividade agropecuaria sexa rendíbel e dea uns ingresos dignos. Mesmo reivindicou unha política agresiva para repoboar o medio rural, pois en caso contrario "moi pronto estaremos nunha situación de non retorno para recuperar o noso agro".

Fronte a isto, as distintas solucións que se apuntaron confluíron na necesidade de realizar políticas que respecten a soberanía alimentaria de cada país, é dicir, que as explotacións labregas de cada pobo ou estado produzan para abastecer de alimentos á súa propia poboación, pois é o único xeito de manter un medio rural vivo e activo.

En Galiza coma en Wisconsin: peche masivo de explotacións

A internacionalización da problemática do sector lácteo tivo un claro exemplo na exposición de Joel Greeno, membro da executiva da National Family Farm Coalition (NFFC), de Estados Unidos, que denunciou unha sangría de explotacións lácteas provocada polas políticas agrarias do seu país.

Este gandeiro de Wisconsin, que rexenta unha granxa de cincuenta vacas, explicou que no estado no que reside pasouse de 143.000 explotacións en 1993, a 15.000 na actualidade; se falamos de todo o país, pasouse na última década de 3'5 millóns de explotacións a 60.000.

Greeno tamén falou do proceso de intensificación que está a sufrir a gandería ianqui, con granxas que chegan a concentrar medias superiores ás 150 reses por hectárea, e advertiu que "se alguén pensa que o modelo norteamericano é digno de imitar, debería ir reconsiderando esa idea". A razón básica do peche masivo de explotacións lácteas en Estados Unidos tamén ten que ver cos prezos baixos: 32 céntimos de euro por litro, un valor semellante ao galego.

Os prezos aínda son menores na India, onde o litro ás penas chega aos 16 céntimos de euro. O sector lácteo indio é moi diferente do occidental, pois aínda que é o maior produtor mundial de leite, ten o 90% da produción concentrada en explotacións familiares orientadas ao autoconsumo, as familias produtoras só venden excendentes, e a auga é máis cara có leite.

Yudhvir Singh, do sindicato labrego da India (Bhartiya Kisan Union, BKU), explicou que no seu país existe o temor de que a liberalización de mercados podería permitir a entrada de grandes continxentes de produtos lácteos subvencionados da Unión Europea, facendo *dumping* e vendéndose a prezos por debaixo dos custes de produción, o cal abarataría aínda máis o leite na India e sería ruinoso para o seu medio rural.

Conclusións do terceiro Seminario Europeo do Leite

"A política leiteira da Unión Europea: ¿O novo sistema de axudas é válido para promover o desenvolvemento rural na Europa dos 25 e para avanzar no contexto de negociación a nivel mundial?"

Reunidas en Santiago de Compostela -durante os días 26, 27 e 28 de novembro- as organizacións National Family Farmers Coalition (NFFC, Estados Unidos), Bhartiya Kisan Union (Sindicato Labrego da India BKU, India), Confédération Paysanne (CP, Francia), Mouvement d'Action Paysanne (MAP, Bélxica), Confederação Nacional de Agricultura (CNA, Portugal), Unión Alemana de Produtores de Leite (BDM, Alemaña), Sindicato Labrego Galego (SLG, Galiza) e Coordinadora Labrega Europea (CPE, Europa), coa fin de analizar a situación dos produtores e produtoras ante a reforma da Organización Común de Mercado (OCM) do Leite no contexto internacional, constatamos:

Que a pesar dos quilómetros que nos separan, das diversas culturas, e das diferentes estruturas de produción, todos e todas sufrimos os mesmos problemas:

1. Que a reforma da política leiteira fai competir a todas as agriculturas e a todos os labregos e labregas do mundo.

2. Que esta competencia se fai mediante o establecemento duns prezos que non cobren nin os custes nin o traballo de produción.

3. Que mentres os produtores e produtoras percibimos o mesmo prezo polo quilo de leite de hai vinte anos, o prezo para os consumidores e consumidoras non deixa de aumentar.

4. Que a axuda leiteira só serve para que as industrias merquen materia prima máis barata e, ao contrario do que se nos di dende as diversas instancias gobernamentais, nunca compensa a caída dos prezos.

5. Que neste contexto, os consumidores e as consumidoras pagan dobremente a través dos prezos e dos impostos.

Ante esta situación e como posición estratéxica conxunta, demandamos:

■ Un prezo que cubra os custes de produción e remunere o traballo. Esta é hoxe unha reivindicación básica para a continuidade das nosas explotacións. Por iso, á marxe das nosas diferencia sindicais, chamamos á unidade de acción e á coordinación de todos os labregos e labregas para acadar este obxectivo prioritario, polo que as organizacións presentes acadamos o compromiso de debater sobre a convocatoria dunha folga de entregas do leite en toda Europa, a celebrar no ano 2005, se nun prazo razoable de tempo non percibimos un prezo remunerador.

Ademais, entendemos que é urxente abordar as seguintes cuestións:

1. As organizacións da CPE e as súas aliadas internacionais propomos que na Unión Europea se adapte a produción ao consumo, eliminando todo tipo de dumping, tanto en orixe como en destino. Esta adaptación suporía unha redución da produción que, a criterio das organizacións asinantes, non debería afectar ás pequenas explotacións. Esta decisión política sobre a redución da produción podería ser complementada por reducións voluntarias.

2. Nós non queremos axudas para compensar a caída dos prezos. Queremos que a nosa renda veña do prezo do leite. Demandamos tamén a existencia dunha política que estableza axudas públicas para compensar a renda daquelas explotacións que ven dificultada a súa actividade por mor de condicións adversas derivadas do clima, da orografía e da súa situación periférica.

3. O modelo de desenvolvemento imposto non fai máis que aumentar os problemas de miseria e de fame no mundo. Só respectando o dereito dos pobos a elixir a súa agricultura e a súa alimentación (soberanía alimentaria) poden resolverse estes problemas.

Esta reforma da OCM do leite destrúe a produción leiteira labrega e terá graves consecuencias en termos de concentración de produción, de destrución medioambiental, de seguridade alimentaria, e de desertización rural. Por iso, neste encontro, as organizacións labregas internacionais e europeas presentes, asumimos o compromiso de loitar conxuntamente para que as políticas dean prioridade ás necesidades da sociedade e non aos intereses das transnacionais.

Organizacións asinantes: **National Family Farmers Coalition** (NFFC, Estados Unidos), **Bhartiya Kisan Union** (Sindicato Labrego da India SLI, India), **Confédération Paysanne** (CP, Francia), **Mouvement d'Action Paysanne** (MAP, Bélxica), **Confederação Nacional de Agricultura** (CNA, Portugal), **Unión Alemana de Produtores de Leite** (BDM, Alemaña), **Sindicato Labrego Galego** (SLG, Galiza) e **Coordinadora Labrega Europea** (CPE, Europa)

nº 227
Decembro de 2004 FOUCE

A OMC a cara descuberta



Joel Greeno, membro da executiva da National Family Farm Coalition (NFFC)
Xabier Gómez Santiso, responsábel de Acción Sindical Gandeira do SLG
Yudhvir Singh, de Bhartiya Kisan Union (sindicato labrego da India, BKU),
Pilar Guimarei, gandeira e membro da executiva do SLG

Aproveitando a presenza no noso país de representantes de organizacións labregas da India e Estados Unidos como Yudhvir Singh ou Joel Greeno, non deixamos liscar a ocasión para conversar con eles sobre un tema que leva de cabeza a todas as organizacións labregas do mundo: a Organización Mundial do Comercio (OMC), un organismo multilateral tan pouco coñecido como devastador para as pequenas explotacións familiares e labregas de todo o planeta Terra. Xunto a Xabier Gómez Santiso e Pilar Guimarei, do SLG, explicaron para Fouce ata que punto a OMC pode influir nas nosas vidas e economías.

■ ¿Cales son as intencións da OMC? ¿Que pretende facer coa agricultura?

▸ **Yudhvir Singh:** A OMC é un instrumento que traballa para os intereses das grandes transnacionais. Antes xa se traballaba neste senso cos acordos sobre aranceis no GATT; pero iso non lles abondaba, e as transnacionais comezaron a investigar o xeito de poder conquistar totalmente o mercado.

O que pretenden as transnacionais é vivir a conta dos labregos e labregas utilizando a OMC como ferramenta que xustifique o *dumping* nos países pobres. A OMC pretende mercantilizar a agricultura, que é un xeito de vivir, un sustento básico para a vida, e non unha mercadoría. Non se poden aplicar as regras do libre comercio aos produtos agrícolas. A OMC debería estar fóra da agricultura, pois non é ese o seu lugar.

▸ **Joel Greeno:** As intencións da OMC son claras: descubrir en que lugar do mundo se producen de xeito máis barato determinados bens e servizos en calquera zona ou país do planteta e relocalizalos nas rexións máis poboadas de maneira que se poidan vender e sacar deles o máximo lucro posíbel.

En Estados Unidos, por exemplo, estanse reconvertendo moitas explotacións leiteiras ao cultivo da soia ou dos cereais. Curiosamente, as mesmas empresas que promoven esa reconversión están a facer o mesmo no sur, en Arxentina e Brasil.A intención disto é clara: pretenden esmagar os prezos nestes países, que na súa competencia baixarán os prezos da soia e do millo, o que lles permitirá facer *dumping* no mercado europeo. E isto fai dependente á Unión Europea da proteína vexetal de América, coa que alimenta a un prezo moi baixo ao gando, aumentando a produción de leite na Unión Europea e podendo exportar aos Estados Unidos produtos lácteos facendo tamén *dumping*.

Eu creo que este exemplo é moi claro e evidencia cales son as intencións da OMC. O que queren é que se produza a prezos cada vez máis baratos para que as industrias e multinacionais da alimentación poidan adquirir bens e servizos por moi poucos cartos, maximizando así os beneficios.

■ Moitas veces, aos labregos e labregas quédalles moi lonxe iso da OMC. ¿Como poden afectar as políticas da OMC a unha pequena explotación da India, de Estados Unidos ou de Galiza?

▸ **Joel Greeno:** O tamaño da explotación é un factor irrelevante para a OMC. Á OMC só lle interesa



é a cantidade de produción. Por exemplo, no caso da India case todas son pequenas explotacións, pero en conxunto constitúen o produtor de leite máis grande do mundo, seguida polos Estados Unidos. Daquela, non é o tamaño das explotacións o que atrae á OMC, senón o volume de produción total. Ese é o seu obxectivo, acadar o maior volume posíbel para poder realizar procesos de *dumping*, sexa de leite, de millo, de soia, de hortalizas, ou de calquera outro produto. A eles dálles igual. O seu obxectivo segue sendo o mesmo: beneficios para as grandes corporacións.

▸ **Xabier Gómez:** A maioría da xente non coñece o que é a OMC, nin sequera os labregos e labregas. A propia OMC ten múltiples tentáculos. Calquera gandeiro ou gandeira de Galiza coñece ao Conde Lequio ou a calquera destes personaxes que venden a súa vida privada e que non lles afectan en absoluto á súa economía; en troques, non coñecen á OMC, porque a OMC e a filosofía neoliberal queren que a xente coñeza a este tipo de personaxes públicos, pero non as orixes dos seus problemas. Esa é unha das partes da estruturación do neoliberalismo a nivel mundial.

¿Como nos afecta? Pois aféctanos tremendamente. Os gandeiros de Galicia temos que mercar a soia e o millo a terceiros países, miles de toneladas de proteína vexetal para alimentar ás vacas da Unión Europea. E iso está controlado pola

OMC a través da imposición de prezos en todo o mundo. E nós contribuímos a este ciclo facendo exactamente o mesmo. A OMC condiciona as nosas vidas e o noso futuro totalmente, queiramos ou non. Pero non somos conscientes diso porque a propia estrutura do sistema ten as súas armas para que ignoremos esta realidade.

Pilar Guimarei: É certo o que comenta Xabier, pois o meirande dos agricultores e agricultoras pouco ou nada oíron falar da OMC e ignoran o que lles está a influír realmente, cando as súas decisións resultan decisivas en aspectos tan fundamentais para a actividade agraria coma os prezos dos produtos que vendemos e os que consumimos para sacar adiante as nosas explotacións.

Joel Greeno: Todo isto tamén acontece no meu país. Se preguntas ao labrego medio en Estados Unidos o que é a OMC de seguro que non tería unha idea moi clara, nin de como funciona nin de cales son os seus obxectivos.

■¿Como se presenta o cumio da OMC en Hong Kong? ¿Hai ánimo entre as organizacións para enfrontarse á OMC?


Yudhvir Singh: Estamos a organizar aos nosos labregos e labregas para loiten contra a OMC e se protexan, e tamén para exercer presión sobre o noso goberno para que tome medidas contra estas políticas. Somos plenamente conscientes da



problemática á que nos enfrontamos e estamos dispostos a loitar.

Joel Greeno: Debemos facer presión en todos os nosos países para que deixen de asistir aos cumios da OMC do mesmo xeito que fixemos na rolda de Cancún. Se conseguimos que varios países se retiren destas negociacións, deixariámoslle unha mensaxe ben clara ás transnacionais.

Xabier Gómez: Debemos ser intransixentes á hora de manter a nosa oposición a que a OMC consiga os seus obxectivos. Cómpre non desesperarnos. En palabras de Rosalía, "toda a terra é dos homes" e, polo tanto, tarde ou cedo, todas estas viravoltas que nos está a dar a OMC, xa que promoven unha filosofía e xeito de producir totalmente insostíbeis, teñen que ser atacábeis. Debemos estar preparados para que ese momento non nos colla desarmados e que o fracaso da OMC se converta no noso éxito.



■A OMC e as multinacionais son inimigos moi fortes. ¿Pensan que se lles pode facer fronte realmente?

Yudhvir Singh: Si, sen dúbida ningunha. Se loitamos conxuntamente podemos gañar e eles non poderán conquistar o noso mercado. Nese senso, debemos protexer a nosa agricultura e os nosos intereses. Loitando todos xuntos, pódese conseguir. Na nosa organización temos confianza en acadar a victoria.

Joel Greeno: Os labregos e labregas producimos as armas da OMC: o leite, o millo, a soia, as hortalizas, as verduras. Nós, como labregos e labregas, con medidas extremas como folgas, poderiamos impedir que as multinacionais utilizasen os nosos produtos como armas contra nós mesmos para forzar prezos á baixa. Entón, como nós temos o control real sobre os nosos produtos, temos tamén a posibilidade de opoñernos ao poder que a OMC exerce sobre nós.

Xabier Gómez: A fin de contas, a historia está da nosa parte. A filosofía da OMC non se vai poder manter por moito tempo, entre outras cousas porque dubido que o planeta o aguante. Pero á OMC isto non lle preocupa, pois as multinacionais só buscan gañar moito diñeiro nun curto prazo, e impórtalles pouco como quede despois de desfeita a terra. Temos que seguir incidindo, facendo cada vez máis universal a nosa loita, pois é a ese nivel ao que se move a OMC. Coa vontade de todos e de todas, estou convencido de que conseguiremos frear as súas ambicións

Pilar Guimarei: Estou de acordo cos compañeiros. Penso que uníndonos todos e todas podemos conseguir algo. Pero teremos que estar moi unidos para poder conseguilo, pois é moi difícil bater a un inimigo como a OMC, pero non imposíbel.

■¿Pensan que as políticas da OMC afectan por igual ás explotacións de Asia, América e Europa, ou hai diferenzas?

Yudhvir Singh: O problema de fondo de todos os labregos e labregas do mundo é o mesmo: que non están a recibir o prezo xusto polos seus produtos, ao tempo que os prezos de consumo e o dos insumos para a agricultura están a aumentar, o que provoca que os labregos e labregas de todo o mundo están cada vez máis endebedados.

Xabier Gómez: No contexto das explotacións labregas non hai moita diferenza. Outra cousa son os diferentes efectos que pode haber nos países segundo sexa a súa posición xeoestratéxica. Canto máis afastados están os países dos centros de decisión -centros que neste intre están en Estados Unidos e en Europa-, máis se van ver prexudicados. Pero iso para nós non é para os labregos e labregas de Europa unha boa noticia. Sería estúpido pensar que porque haxa máis fame en países moi afastados nos vaia ir mellor a nós. Nós somos xente que vivimos do noso traballo. Daquela, para nós o reparto solidario é fundamental para que as políticas agrarias sirvan para o que nós queremos.

Pilar Gimarei: Polo que vexo, as explotacións familiares son iguais en todos os países. As diferenzas existen entre os grandes produtores -que en realidade non son labregos- e as explotacións de carácter familiar.

■Daquela, ¿pódese dicir que os intereses das pequenas explotacións son os mesmos en todo o mundo? ¿Valen as mesmas reivindicacións na India, en Estados Unidos ou en Galiza?

Yudhvir Singh: Si, en suma si. A problemática é a mesma, e cada vez os labregos e as labregas son máis conscientes da necesidade da loita global e da necesidade de unir esforzos.

Xabier Gómez: Unha das consecuencias que está traendo a Galiza a baixada de prezos e a baixada sistemática da renda nas explotacións, é un aumento aumentar da produción para manter o mesmo nivel de vida. Pero isto só é posíbel se desaparecen unhas explotacións para que outras poidan sobrevivir traballando máis para gañar o mesmo. Entón, estamos nunha especie de réxime de canibalismo onde uns nos devoramos a outros ata que isto chegue a unha situación totalmente insostíbel. Daquela, a cadea que estamos na obriga de romper é a mesma en todo o mundo, e eu creo que este é o momento para empezarmos a traballar para conseguir este obxectivo.



■¿Que papel xoga a Vía Campesina nesta loita? ¿Como ven o seu futuro?

Yudhvir Singh: A Vía Campesina xoga un papel moi importante nesta loita porque é a única organización que está a loitar a escala internacional contra a OMC e as transnacionais. O papel da Vía Campesina nesta loita é fundamental e esencial.

Joel Greeno: Eu creo que a Vía Campesina está a dar voz a moita xente que normalmente non tería ningunha posibilidade de facerse escoitar. Só por este aspecto, Vía Campesina é extremadamente importante e vai desempeñar un papel fundamental na loita contra a OMC.

Xabier Gómez: Vía Campesina é unha ferramenta fundamental para conseguir unha unidade de acción colectiva a nivel internacional. Polo tanto, podemos cualificala como a esperanza e o futuro de millóns de familias labregas en todo o mundo. Pensamos tamén que esa é a súa responsabilidade, e teremos que aceptar as súas consecuencias e traballar no seu seo con esa claridade.



nº 227
Decembro de 2004 FOUCE

Organizacións de 18 países analizan o futuro das explotacións labregas

O encontro tivo lugar na localidade francesa de Aix en Provence, a finais de outubro, e nel participou o SLG

Lidia Senra participou, en nome do SLG, na xuntanza de Aix en Provence (Francia), o 28 e o 29 de outubro, para falar do futuro das pequenas explotacións familiares. Xunto a Senra houbo representantes de organizacións doutros 17 países: Alemaña, Italia, Cataluña, Malta, Francia, Portugal, Euskadi, Estado Español, Bélxica, Estonia, Hungría, Croacia, Noruega, Polonia, Austria, Suíza e Suecia. A continuación podemos ler o texto final.

En todos os países da Unión Europea, as pequenas explotacións desaparecen baixo a acción combinada das políticas agrícolas europeas -tanto as do primeiro como as do segundo piar- e nacionais, no marco máis extenso da "liberalización" total do comercio imposta pola OMC.

Agora ben, as pequenas explotacións son unha garantía importante para a sociedade europea en termos de emprego, territorio, economía, calidade dos alimentos e conservación dos recursos naturais.

Manter e aumentar o número das pequenas explotacións en Europa é unha prioridade de cara ao futuro e para todas as organizacións labregas presentes, calquera que sexa a diversidade das situacións.

A pesares das políticas activas de eliminación que padeceron, as pequenas explotacións agrupan, en particular na Europa Mediterránea e Central, a maior parte do emprego agrícola. En todos os países, son esenciais para a economía local e para a dinámica do tecido rural.

As pequenas explotacións non son un vestixio de pasado: son portadoras de múltiples experiencias técnicas e sociais que hoxe se converteron en prácticas correntes, en particular á hora de desenvolver unha agricultura labrega máis autónoma e con menos insumos, máis económica en termos enerxéticos e en recursos, e favorecedora de circuítos curtos de transformación e comercialización -ferramentas controlábeis polos labregos e labregas-, e máis achegada aos consumidores e consumidoras. Todo o contrario do modelo agrícola que se nos quere impor, por exemplo, a través dos transxénicos.

Non se trata só de resistir, senón de promover explotacións que serán indispensábeis mañá, en particular para garantir a soberanía alimentaria rexional nunha economía de proximidade.

■ Para manter e multiplicar as pequenas explotacións, as políticas nacionais e europeas deben:

- Deixar definitivamente de favorecer todo cese de actividade.
- Decidir o proceso de concentración da propiedade e dos medios de produción, e establecer unha política de redistribución e desmantelamento dese discurso de modernización estéril.
- Manter a finalidade agraria das terras, denunciando a perda de terras agrícolas por intereses inmobiliarios ou por fins ligadas a actividades de lecer.
- Recoñecerlle o estatuto de labrego ou labrega a toda persoa que teña unha actividade económica agraria, sen limites.
- Non basear as políticas de instalación de mozos e mozas en base á capitalización dos medios de produción e á ampliación das superficies; pola contra, promover esa incorporación de xente nova en base ao emprego e ao valor engadido.
- Recoñecer os nosas prácticas de control da calidade alimentaria e sanitaria específicas das pequenas unidades de produción, transformación e distribución, adoptando normas en consecuencia.
- Estabelecer prezos agrarios remuneradores, para o cal é necesario modular os pagos directos ligándoos ao emprego, e establecer pagos específicos para as pequenas explotacións.

Os participantes comprométense a intercambiar as súas experiencias, a coordinar as súas accións en asociación coa sociedade civil para resistir, e en aplicar e facer aplicar outra política agraria. Por todo isto, e a corto prazo, é indispensábel e urxente darlle un troco radical e unha nova orientación ao próximo Regulamento de Desenvolvemento Rural para o período 2007-2013.

Unidos e unidas poderemos defender outra agricultura para outra sociedade.



Shigeru Omi

A OMS alerta sobre a ameaza dunha pandemia de gripe aviar

O director da Organización Mundial da Saúde para o Pacífico Occidental, Shigeru Omi, alertou sobre a posibilidade de que se produza unha pandemia de gripe aviar que podería provocarlle a morte a entre dous e sete millóns de persoas, e o contaxio a uns 1.000 millóns. Por ese motivo, Omi instou a todos os países para que se preparen porque, de producirse a pandemia, podería estenderse por todo o planeta en cuestión de semanas.

Agora mesmo, aínda non se acadou a vacina para erradicar esta doenza. O principal perigo reside en que o virus mute e sexa quen de transmitirse entre humanos. Polo que parece, son os parrrulos domésticos os transmisores desta enfermidade, que xa cobrou 32 víctimas en Asia. Neste contexto, cómpre lembrar a"gripe española", que entre os anos 1918 e 1919 matou a máis de vinte millóns de persoas no mundo.

Organizaciones labregas de México protestan contra as transnacionais



O pasado 11 de outubro, organizacións labregas de vinte estados mexicanos protestaron fronte ás sedes das transnacionais Nestlé e Cargill, así como diante da Secretaría do Medio Ambiente e Recursos Naturais do país.

As razóns para denunciar a Nestlé teñen que ver con que esta multinacional suíza acadou un trato de privilexio do Goberno Federal no Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLCAN), o cal lle permite ter un control case monopólico no comercio do café solúbel en México.

En canto a Cargill, os manifestantes afirmaron que "esta transnacional, xunto a Continental, controla dous tercios da comercialización dos grans básicos no mundo; ademais, xunto a ADM e Zen Noh, controla o 80% da exportación de millo dos Estados Unidos".

Cinco labregos son asasinados en Brasil nun novo masacre contra os Sem Terra

Felisburgo, no estado brasileiro de Minas Gerais, foi o escenario dunha nova matanza de labregos Sem Terra perpetrada por sicarios contratados por *fazendeiros*.

Aconteceu o pasado 20 de novembro, na facenda Nova Alegría: 2.400 hectáreas que foron ocupadas no ano 2002 polo MST para traballar as súas terras a ermo. No campamento residían cen familias, que se viron por ráfagas de balas disparadas por 18 pistoleiros que, a continuación, prenderon lume ás cabanas.

O resultado desta acción violenta foi de cinco mortos e vinte feridos graves; entre estes últimos atópase un neno de doce anos. As vítimas foron Iraguiar Ferreira da Silva, de 23 anos; Miguel José dos Santos, de 56; Francisco Nascimento Rocha, de 62; Juvenal Jorge da Silva, de 65; e Joaguim José dos Santos, de 70.

O Movemento dos Sem Terra acusa ao *fazendeiro* Adriano Chafico de ser o director do masacre, e tamén ao goberno estatal de Minas Gerais pola súa permisividade ante a violencia.

Goberno e Unións Agrarias pactan en contra de crear un gasóleo agrícola

Milleiros de labregos e labregas manifestáronse en Madrid esixindo solucións á crise dos carburantes

Elena Espinosa tivo que aturar en novembro a primeira grande manifestación labrega desta lexislatura: 7.000 persoas concentradas diante do Ministerio de Agricultura, entre as que se atopaba unha comitiva do SLG, para reclamar a creación dun gasóleo agrícola profesional libre dos impostos abusivos que o gravan. A crise tamén serviu para demostrar de que banda está Unións Agrarias, que axiña apoiou a cativa oferta do Goberno.

Durante o mes de novembro, o Ministerio de Agricultura mantivo inalterábel a súa posición contraria á creación dun gasóleo agrícola profesional. Isto provocou a reacción reivindicativa da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), que organizou unha concentración de protesta en Madrid para esixir do Goberno que atenda esta demanda tan necesaria para o agro de todo o Estado. Foi o 12 de novembro, e xuntou a uns 7.000 labregos e labregas vidos de toda España diante da sede do Ministerio de Agricultura. Unha comitiva do Sindicato Labrego Galego encabezada polo seu Secretario de Organización, Xoán Monasterio, apoiou o acto.

Nesta ocasión, e como era de prever, o Ministerio botouse adiante coa súa postura ao atopar o apoio da Unión de Pequenos Agricultores (UPA), ou o que é o mesmo, Unións Agrarias. Este sindicato mantivo dende o comezo das negociacións unha postura ambigua, aceptando as misérrimas propostas iniciais do Ministerio, volvéndose atrás cando viu que COAG non pasaba polo aro, e volvendo apoiar ao Goberno do PSOE agora que a súa postura inamovíbel estaba a levar o diálogo coas organizacións agrarias a un canellón sen saída. Nada sorprendente nun Ministerio de Agricultura do que forman parte altos cargos como Fernando Moraleda, ex Secretario Xeral de UPA.

O Sindicato Labrego Galego reaccionou inmediatamente ante este caso claro de servilismo. Así, o SLG criticou o acordo acadado entre o Ministerio de Agricultura e Unións Agrarias coma un simple parche que non soluciona un problema estrutural que está a poñer en xaque a moitas explotacións labregas de Galiza e de todo o Estado.



Miles de manifestantes de todo o Estado achegáronse en Madrid para reclamar o gasóleo agrarícola profesional

O SLG valorou moi negativamente este acordo que consistiu, basicamente, en dar unha axuda de seis céntimos por litro cando o gasóleo subiu no último ano uns 15 céntimos por litro.

Asemade, Unións Agrarias emprendeu unha campaña de intoxicación informativa en toda Galiza para xustificar a súa posición e prometendo unha choiva de millóns e millóns de euros para os labregos e labregas que moi pouco ten que ver coa realidade

Do mesmo xeito que os avestruces, UPA-Unións Agrarias non fixo outra cousa que agachar a cabeza diante desta problemática, negándose a ver as verdadeiras causas da desmesura no prezo do gasóleo que consumen os labregos e labregas para poder realizar o seu traballo: unha carga abusiva de impostos que supera o 30% do prezo final do carburante.

Evidentemente, nunha situación como a actual, na que os custes de produción elévanse cada vez máis, e os ingresos por mor da caída de prezos dos produtos agrarios son cada vez menos, a actitude de UPA-Unións Agrarias dista moito de defender os intereses dos labregos e labregas deste país e semella, máis ben, obedecer a outro tipo de intereses máis partidistas.

A necesidade dun prezo estábel sen o lastre dos impostos

Para o Sindicato Labrego Galego, o gasóleo agrícola debe ter un prezo social que non abanee constantemente por mor das variacións no valor do petróleo e que garanta a estabilidade nos custes de produción da actividade agropecuaria e uns ingresos mínimos dignos. E iso só se pode acadar reducindo os impostos que lastran o prezo do gasóleo.

Por todo o devandito, o Sindicato Labrego Galego seguirá reivindicando, como xa fixo o pasado 12 de novembro en Madrid diante do Ministerio de Agricultura, a seguinte serie de medidas de tipo fiscal:

- Exención do imposto especial de hidrocarburos para o gasóleo utilizado nas actividades agrarias (na actualidade, os labregos pagan 0'079 euros por litro, 13'09 pesetas, por este concepto).
- Aplicación dun tipo reducido de IVE para o gasóleo consumido polos profesionais agrarios de maneira que, en troques de aplicar o tipo actual do 16% (0'06224 euros por litro, ou 10'35 pesetas), se aplique o 7%.
- Supresión da taxa de hidrocarburos, ou Imposto sobre Venda Minorista (IVM), que é de 0'006 euros por litro (1 peseta).
- Establecemento dun prezo social para o gasóleo agrícola, que evite as oscilacións á alza do prezo de custe e posibilite a rendibilidade das producións agropecuarias polo seu alto valor estratéxico de cara á mantenza dun mundo rural vivo e por seren a fonte dun dereito humano básico como é a alimentación.


Membros do SLG ante o Ministerio de Agricultura

O PSOE seguirá coa política favorábel aos transxénicos iniciada polo PP

As declaracións de José Ignacio Ortega, representante da Oficina de Variedades Vexetais do Ministerio de Agricultura, fan presaxiar que o PSOE vai continuar coa política favorábel aos transxénicos que iniciara o PP. Ortega afirmou, o 30 de novembro que os cultivos de transxénicos "poden coexistir perfectamente" cos outros tipos de agricultura, e mesmo chegou a poñer o caso español, con 58.000 hectáreas de cultivos de millo manipulado xeneticamente, coma un exemplo de compatibilidade.

Días atrás, o PSOE creou a Comisión Nacional de Biovixilancia (CNB), un órgano que asesorará e avaliará en cuestións referentes á agricultura con organismos manipulados. Un dos primeiros temas que tratou foi a análise do borrador das normas de coexistencia entre OXMs e cultivos convencionais, o que constata o continuísmo do PSOE na política seguida polo PP neste eido. Iso si, facéndose a foto xunto a Greenpeace e a Sociedade Española de Agricultura Ecolóxica, que participaron no segundo encontro da CNB.

Utilizan a Coca Cola coma un eficaz pesticida nos cultivos de algodón e chile

O xornal británico *The Guardian* publicou, o pasado mes, unha información nas que afirmaba que a Coca Cola estase a aplicar, pulverizada sobre as plantas, coma un eficaz pesticida nos cultivos de algodón e de chile na India.

Segundo o labrego algodoneiro Gotu Laxmaiah, a Coca Cola, ademais de ter efectos pesticidas, ten as avantaxes de ser moi segura no seu manexo ao non ten os efectos secundarios tóxicos doutros fitosanitarios. Por riba, non necesita ser diluída e é moito máis barata que outros produtos do mercado para esa fin.

nº 227
Decembro de 2004
FOUCE

A DTA amplia a súa batalla contra a contaminación indesexada de terras

Anima a denunciar os casos por choiva aceda, extinción de incendios ou tratamento químico de cunetas

O problema da contaminación das nosas terras ten, actualmente, varias frontes abertas sen que a Administración faga nada por pechalas. É máis, de cotío son a Xunta ou os municipios os responsábeis últimos de envelenar as nosas explotacións: limpeza de cunetas con herbicidas, extinción de lumes con auga tratada con compoñentes químicas agresivas ou a choiva aceda son inimigos contra os que só serve estarmos ben informados e denunciar. Pola súa banda, a Dirección Transversal de Agroecoloxía do SLG continúa coa súa loita neste eido.

O SLG mandou cartas denunciando a problemática de botar herbicidas nas beiras das estradas que lindan con terras agrícolas, práctica perigosa, en especial, naquelas terras que producen alimentos ou practican unha produción ecolóxica.

As cartas remitíronse o 28 de setembro ás catro deputacións; ás consellarías de Política Agroalimentaria, Obras Públicas e Medio Ambiente; aos ministerios de Agricultura, Fomento, Medio Ambiente; e á Federación Galega de Municipios (FEGAM). A día de hoxe, só contestaron a Deputación de Ourense, que afirmou que só usa rozadoras mecánicas; a Consellaría de Obras Públicas, que admitiu facelo por motivos de seguridade viaria e cumprindo as condicións establecidas para o uso de estes productos; e o Ministerio de Medio Ambiente, que se desentendeu do problema dicindo que non ten competencias no tema.

Outra fonte de contaminación é a auga empregada na extinción de incendios. Aconteceulle a unha afiliada do SLG á que lle secou a horta tras ser regada con este auga. O SLG pediu explicacións a Medio Ambiente, que contestou que a auga utilizada na loita contra o lume non leva nada.

Nembargantes, o SLG indagou nesta cuestión e acabou descubrindo que a auga para apagar lumes contén polifosfatos, anticorrosivos, arxilas e outras substancias que funcionan como inhibidores do lume; amais de escumantes e compoñentes que tintan a superficie mollada. A pesares disto, e debido a que niguén facilita información, non se puideron precisar as materias activas para saber dos efectos que poden causar.



Unha contaminación da que nada se fala é a propiciada pola auga tratada con produtos químicos para extinguir incendios

Finalmente, un dos máis grandes focos de contaminación é a choiva aceda. A versión oficial é que a choiva aceda nunca existiu. Neste terreo nos atopamos cos atrancos dos propios laboratorios oficiais, aos cales se teñen levado mostras que seguen sen diagnosticar a día de hoxe. As teses de investigadores galegos que demostran esta contaminación non se permiten en Galiza e deben ser lidas en Madrid. Dende o SLG, trabállase na recompilación de información sobre a choiva aceda para saber como identificar os seus danos de xeito seguro para denunciar.

Solucións para os herbicidas

Además da campaña de denuncia, na última xuntanza da Dirección Transversal de Agroecoloxía (DTA), celebrada en Lalín en novembro, decidiuse emprender as seguintes accións:

■ Solicitar das consellarías que dean exemplo de boas prácticas ambientais e de responsabilidade coa saúde pública, mediante o emprego de persoal ou medios mecánicos para a roza de cunetas, xa que afectan a fincas nas que se producen alimentos, e os herbicidas son velenos. A DTA dará contestación debida á explicación dada por Política Territorial, lembrándolle a Lei de Protección Ambiental de Galiza, que di que a Administración, entre os seus obxectivos, ten o de "asegurar e mellorar a calidade ambiental".

■ Pedirlle ao Craega que tome cartas no asunto. A vocal do SLG neste organismo. Agatha Bróksman, presentará esta cuestión no seguinte pleno. Dende o Craega poderíase lograr que non se afectase ás fincas inscritas en coordinación coa consellaría implicada, como fixeron en Andalucía cos oliveirais ecolóxicos afectados polos tratamentos aéreos que se facían masivamente en oliveirais veciños. A DTA recoñeceu que isto non soluciona o problema xeral, pero si a problemática concreta das persoas inscritas ás que lles podería ser retirada a certificación, ademais de ser obrigadas a pagar fortes multas ao atopar residuos nas súas terras.

■ Implicar aos partidos políticos coa elaboración dunha moción que se lle entregará ao PP, PSOE e BNG para que os seus representantes municipais as presenten nos concellos, que son competentes en tarefas como a limpeza das pistas e estradas municipais.

Dende a DTA, animan a toda a xente a poñerse en contacto co SLG cando sospeite que a súa terra está sendo víctima dunha contaminación de calquera caste ou dunha agresión ecolóxica, como a demouca de castiñeiros, para ter coñecemento do acontecido e poder denunciar, facer presión e esixir outras prácticas alternativas.

Denunciar para defenderse

É difícil levar a cabo unha campaña de denuncia destes feitos cando non podemos probalos, agás que teñamos un notario que levante acta xusto cando aconteza. Ademais, temos a dificultade engadida de que a responsábel é a propia Administración. Aínda así, dende o SLG animamos a empezar a dar os seguintes pasos:

■ Denunciando ante o SEPRONA para que levante acta do que aconteceu e recolla mostras de terra para demostrar que a contaminación existiu, que substancia é, e cando foi depositada. Cómpre coller os datos do vehículo, sacarlle fotos levando a cabo a contaminación, tomar mostras de terra onde se botou, ou calquera indicio que sexa de interese. Sen a testemuña notarial isto non nos serve xudicialmente, pero pódenos proporcionar máis información para usar.

No caso dos herbicidas, hai que observar se empregan o produto axeitadamente: non aplicar con vento nin con choiva; ou non verter as augas de limpeza dos equipos en caudais, fontes, regos, ou preto dos mesmos. Se tamén conseguimos identificar o produto, seranos máis doado comprobar se era o axeitado para a vexetación predominante, xa que tamén hai que ter en conta isto.

■ Informando ao SLG para que poida recompilar todos os casos, ou para ver as posibilidades que ten de prosperar a denuncia. Para isto último cumprirán testemuñas do feito, fotos, documentos ou o recoñecemento do organismo que o botou. Nembargantes, é probábel que só se poidan imputar e esixir compensacións polos danos que causaron na finca.

■ As persoas que están inscritas no Consello de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega) deben conservar estas denuncias como salvagarda.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
explotación agraria: vivenda, nave de vacún de 36 prazas con foxa, almacén de maquinaria, etcétera; e 15 hectáreas de praderías. En Abadín (Lugo).
Chamar aos teléfonos 982 508 233 e 625 834 653

Véndese
tractor BARREIROS R 335S en bo estado, coa ITV pasada.
Chamar ao 981 792 392

Véndese
tanque de 1.060 litros, trifásico, dúas muxiduras e catro anos de uso. Na zona de Meira.
Preguntar por Xosé Antonio no 626 331 612

Véndese
explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel nos teléfonos 988 419 112 ou no 988 419 035

Véndese
invernadoiro de 500 metros cadrados.
Preguntar por Ana, a partir das 17.00 horas, no 605 929 232

Véndese
poldro de raza hispano árabe.
Chamar ao 982 502 165

Véndese
herba seca en rolos.
Chamar ao 981 681 103

Véndese
rotativa de 1'65 metros de ancho de corte e cisterna de 3.000 litros.
Chamar ao 677 244 325

Véndese
cargador de 26 metros cúbicos, marca LA CASTA, ¡Impecábel!
Chamar ao 666 667 445

Véndese
báscula electrónica con impresión para uso de froitaría, carnizaría, etcétera. Na Estrada.
Chamar ao 626 947 266

Véndese
picadora KROHNE e segadora CAMON, seminovas.
Preguntar por Carlos no teléfono 981 164 443

Véndese
ensiladora de un rego con dúas campañas de traballo.
Sementadora de herba, marca FIONA, en bo estado.
Chamar ao 659 659 418

Véndese
explotación de 80 ovellas.
Chamar aos teléfonos 988 304 587 ou 669 384 533

Véndense
rolos de silo e herba seca en Cospeito.
Chamar ao 982 177 004

Véndese
picadora John Deere S 820 con 2 cabezais para herba e millo.
Preguntar por Luís no teléfono 608 587 801

Véndense
máquinas de limpar trigo e centeo
Un muíño de tractor
Un muíño eléctrico.
Chamar ao 982 175 132. Preguntar por Manuel

Véndese
desensiladora con repartidor, en bo estado. Cospeito (Lugo).
Chamar ao 982 177 454

Véndese
tractor FIAT 90.90 con dobre tración.
Preguntar por Xosé Lois no teléfono 626 315 059

Véndese
viño do país e augardente na zona de Portomarín.
Chamar ao 982 157 768

Véndese
tanque de frío de 2.000 litros, marca ALFA LAVAL, con lavado automático.
Chamar ao 666 731 064

Véndese
cuba de zurro de 2.500 litros.
Chamar ao 677 461 844

Véndese
ensiladora 695 CLASS Mega. Cabezal KEMPER. Dobre tracción.
Preguntar por Atilano no teléfono 619 301 049

Véndese
herba seca en rolos ou pacas.
Chamar ao 981 691 614; preguntar por Xosé.

Véndese
semental de raza cachena de catro anos, en Boimorto.
Preguntar por Henrique no teléfono 620 295 920

Véndese
invernadoiro de 350 metros cadrados e dous túneles. Está montado. A Estrada (Pontevedra)
Chamar ao 626 947 266

Véndese
coche silla para xemelgos; en bo estado, seminovo.
Chamar ao 636 506 716

Véndense
cangos e vigas de madeira, en Abadín (Lugo).
Chamar ao 982 178 363, ou ao 616 060 146

Véndense
herba seca de boa calidade (A Pastoriza - Lugo).
Chamar ao 982 164 477

Véndese
tanque refrixerador de leite de 2.800 litros, 2 muxidos, frío instantáneo e lavado automático.
Chamar ao 608 879 938

Véndese
tractor EBRO 160 con remolque, ganchos, arados e fresadora.
Chamar ao 982 440 618 ou ao 607 640 311

Véndese
rotativa de 1'70 metros de corte.
Chamar ao 981 694 024, ou ao 618 283 320

Véndense
becerras "limusinas" en Vilalba.
Chamar ao 609 864 738

Véndense
xovencas de leite na zona de Pastoriza, por peche de explotación.
Chamar ao 608 879 938

Véndese
carro de dous eixes de 750 quilos, 2'6x1'6 metros en fibra de vidro.
Chamar ao 616 436 039

COMPRAS

Mércase
encintadora de rolos.
Chamar ao 665 982 881.
Preguntar por Xosé Lois.

OUTROS

Alúgase
cebadeiro de 150 metros cadrados (28x5) en Touro. Con ou sen traballo. Adaptado a porcino ou bovino.
Chamar ao 616 749 896

Leite ecolóxico
Se estás interesad@ en producir leite ecolóxico, contacta comigo.
Chamar ao 639 512 823

* * *

¡Afiliate ao SLG!



Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela

Sector:
☐ Leite ☐ Carne ☐ Queixo ☐ Horta ☐ Flor ☐ Forestal ☐ Ovino ☐ Coellos ☐ Viño

Nome e apelidos:..... NIF: .....

Enderezo:.....

Tlf:..... Concello:..... C.P.:.....

Domiciliación de pagos de cotas

Sr. Director do banco ou caixa: Prégolle que tome nota, ata novo aviso, de adeudar na miña conta con esa entidade os recibos que ao meu nome serán presentados para o cobro polo Sindicato Labrego Galego.

Banco / Caixa de Aforros:..... Conta / Libreta:.....

Titular da conta ou libreta:.....

Nº de sucursal:..... Poboación:..... Provincia:.....

Atentamente (sinatura) **Data**

Faustino Gándara Martínez, membro da Executiva do SLG e produtor de leite

Faustino Gándara traballa na súa explotación láctea con 25 vacas producindo na aldea de Sendón, parroquia de A O, en Muxía. Complementa os seus ingresos coa venda de madeira e, ata antes da crise das vacas tolas, tamén obtiña algúns cartos con becerros para carne. Aos seus 44 anos de idade, leva máis de media vida de militancia no Sindicato Labrego Galego e agora forma parte da súa Executiva. Co domicilio moi preto da zona cero tralo naufraxio do Prestige, Faustino contounos, dous anos despois, de que xeito afectou a catástrofe na agricultura e gandería locais.

"Máis que axudas, necesitamos un prezo digno polo noso produto e traballo"

■Parece que ultimamente a conxuntura está un pouco máis calma no sector lácteo. ¿Melloraron os prezos?

Os prezos subiron agora un pouquiño, algo máis de cincuenta pesetas por litro, que a pouco chegan, sobre todo se temos en conta o que nos aumentaron os custes de produción con factores como a suba do gasóleo ou o mantemento da maquinaria agrícola.

■Daquela, ¿cre que debería pagarse máis polo leite?

Por suposto que si. Nós o que necesítamos é un prezo digno polo noso produto e polo noso traballo, máis que axudas.

■E a venda de carne non está mellor.

Agora mesmo xa non vendo becerros para carne. Estanos pagando a 600 e 650 pesetas por quilo, e mesmo baixaron a 500 pesetas. Antes da crise das vacas tolas aínda podías sacar 30.000 pesetas por un xato, pero agora non che dan nin para cubrir os custes de produción; nin sequera paga a pena chamar ao veterinario se enferman; nese caso, deixanse morrrer. Nesta situación, só producimos carne para autoconsumo.

■¿Como lle afectaron a nivel persoal na súa explotación as diversas crises de prezos no leite?

Hai explotacións que teñen máis problemas cá nosa. Nós temos as vacas en réxime de pastoreo, polo que non nos metimos en grandes investimentos e seguimos tendo as mesmas cortes de hai máis de trinta anos, que utilizamos só para gardar ao gando de noite e para muxir. Tampouco gastamos en pensos pois, pois a parte dos pastos naturais, as nosas vacas aliméntanse dunha mestura de millo, semente de algodón e remolacha.

Outras explotacións, que necesitan hipotecarse para construír grandes instalacións ou para ampliar a cota, están na obriga de responder aos préstamos e mesmo asumir grandes gastos en insumos coma pensos, polo que o teñen moito máis difícil.



Faustino apostou por un rexime extensivo para producir leite, con dúas vacas por hectárea

■¿Notouse moito nos últimos tempos a suba do gasóleo na economía das explotacións?

Nunhas máis ca noutras. Nós, como temos as fincas preto, non o sentimos tanto. Dende logo, nótase moitísimo máis que che baixen medio céntimo no litro de leite que a suba experimentada polo gasóleo xa que, precisamente, o valor do que producimos debería cubrir os custes de produción, e moitas veces non chega a facelo. De todos xeitos, si que coñezo a veciños que teñen as fincas lonxe da explotación e estalles repercutindo moi negativamente a alza dos carburantes.

■¿Que lle pediría ao novo Conselleiro para este sector?

Eu pediríalle que solucionase dunha vez por todas o problema dos prezos, que negociase coas industrias e os sindicatos agrarios e fixese por establecer un prezo mínimo digno do que non se puidese baixar, que non nos tivese afundidos nesta incerteza de non saber o que imos cobrar a fin de mes.

■¿Pensa que será mellor que Diz Guedes?

Mellor non o sei pero, dende logo, peor non pode ser, é moi difícil. Diz Guedes, xa cando era Delegado do Goberno, demostrou ser un auténtico *facha* coa tremenda represión que fixo das tractoradas.

■Non garda un bo recordo do ex Conselleiro...

O certo é que non. Eu tamén tiven que ir ao xuízo polas multas da tractorada. A min salvoume o bo trato que nos deu nesta zona a Guardia Civil, que fixo informes positivos.

■¿Cre que o novo Goberno do PSOE solucionará a discriminación de Galiza no reparto da cota láctea no Estado?

Eu penso que a nosa discriminación vai seguir máis ou menos igual. Hai pouco veu o Secretario de Estado para a Agricultura, Fernando Moraleda, a dar unha charla a Baíñas. Dixo que se ía repartir cota e tivo moi boas palabras, pero non falou para nada do problema dos prezos.

O PSOE non se quere meter coas industrias, polo que a situación do sector, a nivel estatal, vai seguir máis ou menos coma co PP. E non esquezamos que a miserable cota láctea que nos impuxeron e que tronzou ao sector lácteo galego veu cun Goberno socialista.

"O medio rural da costa ten tantos problemas coma o do interior"

■Normalmente, a xente non relaciona a costa co agro. ¿Teñen algunha peculiaridade a agricultura e a gandería na Costa da Morte?

Unha das particularidades desta zona é que, nunha mesma familia, compaxínase de cotío as actividades agropecuarias con outras relacionadas co mar, como a pesca ou o marisqueo, o cal é outra fonte de ingresos e permite que un dos membros da familia poida cotizar á Seguridade Social como traballador do mar.

■¿Por aquí sofren os mesmos problemas de desertización e envellecemento que no interior?

Xente nova aquí non hai. Moitas casas fican abandonadas e mércanas turistas madrileños para vir pasar o verán. Na nosa parroquia había seis gandeiros e agora só quedan dous, e un xa está xubilado. Alomenos, por esta zona teñen a conciencia de non reforestar as fincas, e só plantan árbores no monte; pero noutras aldeas estanse reforestando as leiras e os prados porque non hai ninguén que quede para continuar coas explotacións. En resume, temos tantos problemas coma no medio rural do interior, coa diferencia de que as casas abandonadas teñen máis probabilidades de ser vendidas por mor do turismo. Un panorama moi triste, como se pode ver.

■Vostede vive moi preto da coñecida como zona cero na catástrofe do Prestige. ¿Influíu o naufraxio na agricultura ou na gandería da zona? ¿De que xeito?

Sempre afecta. Neste caso, os principais prexuízos sufríronos os produtores de carne. A xente, se ten problemas non merca. Por iso, nun primeiro intre, antes de que se comezasen a repartir as axudas aos afectados pola marea negra, houbo un parón no consumo de produtos agrarios, principalmente carne de vacún, ovos e hortalizas. De todos xeitos, este impacto sobre a agricultura e a gandería minimizouse por ser o desastre do Prestige en inverno, cando os ingresos máis pequenos e o consumo menor polos amarres constantes da flota.